

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID (FACULTADE DE FILOLOXÍA) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, A LITERATURA E A CULTURA GALEGAS.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

- Dunha parte Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG nº 181, do 7 de setembro), actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- E doutra parte, D. Juan Carlos Doadrio Villarejo, Vicerreitor de Relacións Institucionais, no nome e representación da Universidade Complutense de Madrid (no sucesivo UCM), que actúa por delegación do Reitor, segundo o Decreto reitoral 19/2019, do 14 de xuño, de establecemento dos vicerreitorados da UCM, de delegación de competencias e de diversas cuestións de índole organizativa, publicado no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid do 19 de xuño de 2019.

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en adiante, Consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como rasgo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Universidad Complutense de Madrid (en adiante, Universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, no que é o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitada para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.
3. A UCM segundo se recolle nos seus Estatutos aprobados polo Decreto 32/2017, do 21 de marzo, do Consello de Goberno da Comunidade de Madrid (BOCM do 24 de marzo de 2017), ten entre as súas funcións a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico, a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación continuada, así como favorecer o intercambio científico, a mobilidade académica e a cooperación para o desenvolvemento dos pobos, que poderán

artellarse mediante o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

4. A Universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1995, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Universidad Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas non só no ámbito académico da Universidade senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido no Acordo segundo e terceiro e de acordo co manifestado na memoria xustificativa que acompaña a este convenio, no cumprimento do establecido no artigo 50.1 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrencia pública, xa que a Universidad Complutense de Madrid é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e ademais a sinatura do convenio atópase dentro da "Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración a subscribir pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con outras universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega", elaborada pola devandita secretaria xeral o 11 de maio de 2020.

Segundo. Compromisos da Universidade

A) Darlle continuidade aos estudos da lingua, da literatura e da cultura galegas nos actuais plans de estudo, cuxas titulacións de grao están adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.

- Esta actividade docente comprenderá as materias de lingua, literatura e cultura galegas que, en cada curso académico, oferte a Facultade de Filoloxía.

B) Organizar, a través da Facultade de Filoloxía, actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empregue para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos contemplados no dito convenio. Neste último caso, a Universidade, a través da Facultade de Filoloxía, deberá remitir á Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), unha decena de exemplares.

C) Acoller o/a lector/a de lingua, literatura e cultura galegas a que se refire a alínea C) do Acordo terceiro. A Universidade poderá conceder a "venia docenti" (autorización para impartir clase) a petición do Departamento correspondente.

A Facultade de Filoloxía da Universidade, respectando a súa propia normativa, facilitaralle ao/á lector/a a utilización dun despacho, permitirlle o uso daquelas instalacións universitarias que se atopen á disposición do profesorado para o desenvolvemento do seu labor docente, facilitaralle o acceso aos medios informáticos, reprográficos, videográficos, bibliográficos, etc. que precise para cumprir axeitadamente co seu cometido e, así mesmo, prestarlle o asesoramento e orientación que necesite sobre aquelas obrigas de carácter burocrático que deba cumprir.

D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A e B deste Acordo segundo.

O/A responsable do Centro de Estudos Galegos, en colaboración co/oa lector/a, incluírá na memoria de actuación recollida no Acordo quinto, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

E) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

No entanto, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á citada consulta.

Terceiro. Compromisos da Consellería

A Consellería, a través da SXPL, comprométese a colaborar coa Universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

A) Prestaralle a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A do acordo anterior.

B) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B do acordo anterior.

C) Destinará á Universidade un/a lector/a de lingua, literatura e cultura galegas.

Este/a lector/a seleccionárase a través dunha convocatoria que se publicará no Diario Oficial de Galicia e será elixido, de entre os candidatos admitidos, por unha comisión de valoración da que formará parte un representante da propia Universidade.

O/A lector/a, baixo a dirección do/a responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico ao seu programa de formación, atenderá as demandas da Universidade en relación cos compromisos adquiridos pola Consellería nas alíneas A) e B) deste acordo, e desenvolverá actividades tutorizadas relacionadas co disposto nas alíneas A e B do Acordo segundo.

D) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola Universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina

web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

Cuarto. Financiamento

A Consellería, a través da SXPL, para financiar os gastos que se deriven da execución das accións contempladas nas alíneas A, B e D do Acordo segundo, colaborará cunha achega económica máxima de **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 11.40.151A.781.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- **2020: un máximo de mil euros (1.000,00 €)**
- **2021: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)**
- **2022: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)**
- **2023: un máximo de tres mil euros (3.000,00 €)**

O libramento destes importes, a favor da Universidade, poderase realizar nunha soa entrega, logo de presentar a documentación requirida para efectuar o pagamento final, ou aplicando o seguinte procedemento:

- Un anticipo, equivalente ao 50% da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o convenio estea asinado e en vigor.
 - Que o/a responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á Consellería, a través da SXPL, unha programación, que conte coa conformidade desta, coas actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada polo/a seu/súa responsable e polo/a lector/a.

A efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65º.4 do Decreto 11/2009, a Universidade queda exonerada da constitución de garantía.

- Un pagamento final, polo restante 50%, unha vez que a Universidade lle remita á Consellería, a través da SXPL, antes do 31 de decembro de cada ano, a seguinte documentación:
 - A conta xustificativa a que se refire o Acordo quinto.
 - Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Quinto. Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente, na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Antes do remate de cada ano e coa data límite do 20 de decembro, a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitiralle á Consellería, a través da SXPL, a conta xustificativa, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio que abranguerá o período

correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso.

- Unha certificación expedida polo/a responsable do Centro de Estudos Galegos ou polo/a titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da totalidade da subvención anual na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención anual previsto neste convenio.
 - Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o Acordo décimo segundo.
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e a de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos, etc.) e dos pagamentos.

Se, por calquera circunstancia, a Universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixírase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención contemplada no convenio, a Consellería, a través da SXPL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

Sexto. Centro de Estudos Galegos

Dentro da Universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable do mesmo figurará o/a profesor/a (ou persoa en quen delegue) da Facultade de Filoloxía da Universidade, con coñecementos de lingua e literatura galegas e recoñecida traxectoria no ámbito dos estudos galegos, pertencente á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa ou a Áreas afíns, quen, dada a súa vinculación coa Universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a Consellería, a través da SXPL.

O nomeamento do/a responsable do Centro de Estudos Galegos, realizarao a Xunta da Facultade, da Facultade de Filoloxía, a proposta da Consellería.

Responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estivesen a producir.

Se, por calquera causa, fose preciso substituír ao/a responsable do Centro de Estudos Galegos, a Universidade proporalle á Consellería, a través da SXPL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, comunicándolle esta a conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo. Control

Os servizos técnicos da Consellería, a través da SXPL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a axeitada xustificación desta. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a Universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no Acordo noveno.

A Consellería, a través da SXPL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a Universidade, a través da Facultade de Filoloxía, está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Oitavo. Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data de sinatura do último signatario e o 30 de setembro de 2023. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de outubro de 2020 e non é posible a súa prórroga.

Noveno. Causas de resolución e modificación do convenio

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.
- Calquera das contempladas no art. 51.2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

En calquera caso, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia, mediante comunicación escrita e fidedigna, por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De ser resolto o convenio, a Consellería, a través da SXPL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

O presente convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes que deberá formalizarse mediante a correspondente addenda.

Décimo. Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro. Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre os/as titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da Consellería, nomeados polo/a seu/súa titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da Universidade, nomeados polo reitor. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

O réxime de funcionamento e organización da refirida Comisión de Seguimento, será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo, recollido particularmente nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo segundo. Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Décimo terceiro. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

Así mesmo, este convenio sométese ao disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como a Lei 10/2019, do 10 de abril, de transparencia e de participación da Comunidade de Madrid.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Universidade deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo cuarto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexto. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



Décimo sétimo. Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Estando ambas as partes de acordo, asinan un exemplar electrónico en galego e outro exemplar electrónico en castelán, todos eles con idéntica validez, no lugar e data recollidos ao comezo.

**O conselleiro de Cultura, Educación
e Universidade**

**El Vicerreitor de Relacións Institucionais
da Universidade
Complutense de Madrid**

Román Rodríguez González

Juan Carlos Doadrio Villarejo